

CONCELLO DE CULLEREDO “PRIMAVERA MÁXICA 2009”

O vindeiro venres día 27 de marzo terá lugar a segunda actuación do programa “Primavera Máxica 2009” no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo ás 19:30 horas coa presentación do espectáculo “Momentos Máxicos” a cargo do Mago Rafa.

A segunda actuación desta “Primavera Máxica 2009” virá da man do **Mago Rafa** no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo ás 19:30 horas o vindeiro venres día 27 de marzo co seu espectáculo “Momentos Máxicos”.

O mago Rafa leva 10 anos dentro do mundo da maxia, neste tempo asombrou a moitísima xente ao longo de toda a península con moi boa aceptación, debido a súa particular forma de facer maxia tanto no seu público como nas críticas periodísticas.

En cada xeración de magos, alguén vai máis aló. Cambia o estilo, cambia a maxia e crea novas sensacións. Benvidos á maxia do mago Rafa.

Rafa ofrece maxia profesional cun espectáculo exclusivo e unha selección de efectos que o público non esquecera xamais.

Innovación, deseño, cercanía e maxia son as claves que fan de Rafa un mago único. Atopará un espectáculo adaptable, personalizado e cunha maxia moderna.

Culleredo 23 de marzo de 2009.

O concelleiro de cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez

